

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 de marzo de 2010**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o vindeiro venres, día 26 de marzo de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 2/10, do 26 de febreiro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións da Presidencia, da nº 1.601 á nº 3.400, de 2010.

Cooperación e Asistencia aos Concellos

3.-Aprobar a modificación da anualidade 2009 do proxecto de aforro, calidade e eficiencia enerxética nos servizos públicos municipais (PEACE) 2009.

Promoción, Económica, Emprego e Turismo

4.- Aprobar o proxecto modificado de Rehabilitación de cubertas e fachadas da Casa Reitoral de Santa María da Pedra, Concello de Cariño, PDT Ferrol-Ortegal.

5.-Aprobar o proxecto reformado de “Revalorización da Bateria da Bailadora”, Concello de Ares.

6.-Aprobar o Plan director de comercio para as comarcas de Muros-Noia, O Barbanza e O Sar (GDR-25).

7.-Proposta de formalización dun convenio co Concello da Coruña para financiar o proxecto do Plan de mellora da calidade turística.

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

8.-Proposta da Presidencia para que a Deputación financie a repercusión do incremento do tipo de gravame do IVE nas obras incluídas en plans provinciais cuxa contratación estea delegada nos concellos.

9.-Aprobar a 3ª fase da anualidade 2010 do proxecto MANDEO.

10.-Aprobar a modificación 2010 do Proxecto Mandeo 2008-2011 cofinanciado con Fondos Feder.

11.-Aprobar a modificación do proxecto da obra “Reparacións das instalacións de alumado público no Concello de Cabanas” do Concello de Cabanas, incluída na primeira fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinada ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2). Código 09.3270.0014.

12.-Iniciar o expediente de cesión de uso ao Concello de Ferrol do inmovible AA.VV. San Xoán de Filgueira.

Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais

13.-Aprobación provisional do proxecto modificado nº 1 do da travesía na DP 7801 do Val do Dubra a Santiago PQ 21,20 ao PQ 21,71 (Santiago) (Código 05.1130.0013.0) incluído no Plan 3ª relación da terceira fase do Plan de travesías 2005.

14.-Desistencia do acordo plenario do 29-2-2008 polo que se aprobou o proxecto de enlace da DP 7201 Rampla a Rianxiño (Rianxo) e aprobación técnica do proxecto que integrará o Programa de investimentos en vías provinciais 2009-2011 no que está incluído o proxecto actualizado do enlace da DP 7201 Rampla a Rianxiño (Rianxo). Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos para a expropiación do citado proxecto.

15.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2010 2ª fase no que están incluídos os seguintes proxectos:

-Travesía na DP 3612 Aneiro a Cabana 1ª fase P.Q. 0+000 ao PQ 0+300 (Ferrol).

-Senda peonil na estrada DP 2601 (Cesuras).

-Urbanización da DP 1901 Carballo a Sísamo Fase II do P.Q. 0+730 ao P.Q. 1+835 (Carballo).

E a súa remisión aos concellos para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación.

16.-Aprobar o proxecto reformado do ensanche e mellora e a seguridade viaria na DP 7806 Rampla ao Avio , Santiago (Código 0811300015.1).

17.-Conceder un prazo de 20 días ao Concello de Melide para que remita a documentación relativa a obra a incluír no Plan de travesías provinciais 2004-2007 (Mellora da seguridade viaria da travesía na DP 4604 PK 2+480 a 3+100 As Barreiras - Melide).

18.-Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación do proxecto de ensanche e mellora da DP 7802 de Roxos a Reborido (Santiago de Compostela) e desestimación das alegacións presentadas. Ratificar a solicitude de declaración á Xunta de Galicia da urxente ocupación.

Economía, Facenda e Especial de Contas

19.-Informe final do Plan de auditorías das subvencións aboadas no exercicio 2008 e proposta de acordo para o Plan de control financeiro das subvencións aboadas no exercicio 2009.

20.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias tributarias polo Concello de Carnota en materia de recadación voluntaria e executiva da sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

21.-Aceptación da ampliación da delegación de competencias tributarias polo Concello de Corcubión en materia de recadación voluntaria e executiva da sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

22.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións de normas de tráfico do Concello de Corcubión.

23.-Expediente de modificación de créditos 1/2010 de aprobación polo Pleno e modificación da base 49ª das de execución do Orzamento do exercicio 2010.

24.-Proposta de modificación do cadro de actuacións da terceira anualidade e cuarta anualidade do Plan de dinamización do produto turístico de Ferrol-Ortegal.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE MARZO DE 2010

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 26 de marzo de 2010, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP

DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

A Sra. Vázquez Veras entra comezada a sesión no punto número 8, e o Sr. Fernández Mouriño, no punto número 13.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/10, DO 26 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/10, do 26 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, DA Nº 1.601 Á Nº 3.400, DE 2010.

A Corporación toma coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.601 á nº 3.400, de 2010.

3.-APROBAR A MODIFICACIÓN DA ANUALIDADE 2009 DO PROXECTO DE AFORRO, CALIDADE E EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS (PEACE) 2009.

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificar a anualidade 2009 do “Proxecto de promoción da eficiencia, o aforro e a calidade enerxética nos servizos públicos municipais dos 83 concellos da provincia” con poboación inferior aos 20.000 habitantes, que se aprobou mediante acordo plenario da Deputación do 27 de novembro do 2009, na que se inclúen actuacións relativas á mellora da eficiencia enerxética nos 83 concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, detallados en 17 lotes.

A modificación consiste en corrixir algún erro de imputación de actuacións a concellos, en rectificar algunhas denominacións, en eliminar as actuacións en centros de saúde por pasar a depender da Comunidade Autónoma e en facer outras pequenas correccións, así como en incluír nalgúns concellos novos investimentos consistentes en

caldeiras de biomasa e instalacións solares para auga quente sanitaria nalgúns concellos, segundo se deriva das auditorías enerxéticas previamente elaboradas.

Os novos importes de financiamento son os seguintes:

ACTUACIÓNS PEACE Anualidade 2009	ORZAMENTO INICIAL (€)	ORZAMENTO MODIFICADO (€)	DIFERENZA
Subministración, instalación e posta en marcha de equipamento para a mellora da eficiencia enerxética en 83 concellos detallado en 17 lotes	1.836.435,06	1.826.232,60	-10.202,46
Dirección de equipamento aforro enerxético PEACE	113.564,94	123.767,40	10.202,46
Modificación do convenio coa Universidade da Coruña para PEACE	50.000,00	50.000,00	0,00
TOTAL	2.000.000,00	2.000.000,00	0,00

Código	Denominación	TOTAL (Deputación fondos propios) (€)
09.3340.0021.0	Lote 1 equipo aforro enerxético PEACE	23.993,80
09.3340.0022.0	Lote 2 equipo aforro enerxético PEACE	46.056,77
09.3340.0023.0	Lote 3 equipo aforro enerxético PEACE	54.421,82
09.3340.0024.0	Lote 4 equipo aforro enerxético PEACE	33.074,54
09.3340.0025.0	Lote 5 equipo aforro enerxético PEACE	168.112,10
09.3340.0026.0	Lote 6 equipo aforro enerxético PEACE	104.181,90
09.3340.0027.0	Lote 7 equipo aforro enerxético PEACE	134.391,76
09.3340.0028.0	Lote 8 equipo aforro enerxético PEACE	107.182,86
09.3340.0029.0	Lote 9 equipo aforro enerxético PEACE	178.426,98
09.3340.0030.0	Lote 10 equipo aforro enerxético PEACE	79.917,96
09.3340.0031.0	Lote 11 equipo aforro enerxético PEACE	213.931,18
09.3340.0032.0	Lote 12 equipo aforro enerxético PEACE	106.201,14
09.3340.0033.0	Lote 13 equipo aforro enerxético PEACE	65.684,11
09.3340.0034.0	Lote 14 equipo aforro enerxético PEACE	74.938,48
09.3340.0035.0	Lote 15 equipo aforro enerxético PEACE	262.371,08
09.3340.0036.0	Lote 16 equipo aforro enerxético PEACE	79.143,77
09.3340.0037.0	Lote 17 equipo aforro enerxético. PEACE	94.202,35
09.3340.0038.0	Modif convenio UDC para PEACE	50.000,00
09.3340.0039.0	Dirección equipo aforro enerxético PEACE	123.767,40
TOTAL		2.000.000,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/425D/650 do Orzamento provincial onde existe crédito suficiente.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

4.- APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DE REHABILITACIÓN DE CUBERTAS E FACHADAS DA CASA REITORAL DE SANTA MARÍA DA PEDRA, CONCELLO DE CARIÑO, PDT FERROL-ORTEGAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado de rehabilitación de cubertas e fachadas da casa reitoral de Santa María da Pedra, Concello de Cariño, PDT Ferrol Ortegal dentro do Plan de dinamización turística PDT Ferrol Ortegal 2007 3 800102, polo seu orzamento de contrata de 237.599,99 euros, que representa un incremento respecto do primitivo de 39.599,99 euros.”

5.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DE “REVALORIZACIÓN DA BATERÍA DA BAILADORA”, CONCELLO DE ARES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado e revalorización da batería da Bailadora, Concello de Ares dentro do Plan de dinamización turística PDT Ferrol-Ortegal 2007 3 800102, polo seu orzamento de contrata de 139.210,00 €, que non supón incremento ningún respecto ao primitivo.”

6.-APROBAR O PLAN DIRECTOR DE COMERCIO PARA AS COMARCAS DE MUROS-NOIA, O BARBANZA E O SAR (GDR-25).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-) Aprobar o Plan director de comercio para as comarcas de Muros-Noia, O Barbanza e O Sar (GDR 25),:

2.-) Aprobar a dotación orzamentaria da Deputación ao Plan director segundo o seguinte detalle:

PARTIDA ORZAMENTARIA	2010	2011	2012	2013	TOTAL
0305/431A/489.01	100.000 €	82.500 €	82.500 €	- €	265.000 €
0305/431A/762.01	90.000 €	435.000 €	435.000 €	168.000 €	1.128.000 €
0305/431A/227.99	510.000 €	706.000 €	305.000 €	204.000 €	1.725.000 €
TOTALES	700.000 €	1.223.500 €	822.500 €	372.000 €	3.118.000 €

A realización dos gastos previstos na anualidade 2010 quedará condicionada á entrada en vigor das modificacións orzamentarias sinaladas anteriormente.

A autorización ou realización dos gastos das restantes anualidades queda condicionada á consignación que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos. ((artigo 174 do Texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL)).

3.-) Aprobar a distribución por anualidades do plan nos seguintes termos recollidos no cadro de orzamento por programas e actuacións do punto 6 do informe.

CADRO FINANCEIRO DOS PROGRAMAS					
PROGRAMAS	ANO 2010	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013	TOTAL
PROGRAMA 1. MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS	90.000,00 €	435.000,00 €	435.000,00 €	168.000,00 €	1.128.000,00 €
Actuacións dirixidas á modernización dos mercados municipais					
Actuacións dirixidas á modernización de mercados de venda non sedentarios					
PROGRAMA 2. MELLORA DA FORMACIÓPN E XESTIÓN NO COMERCIO	100.000,00 €	82.500,00 €	82.500,00 €	- €	265.000,00 €
Servizo de formación individual					
PROGRAMA 2. MELLORA DA FORMACIÓPN E XESTIÓN NO COMERCIO	100.000,00 €	72.000,00 €	72.000,00 €	71.000,00 €	315.000,00 €
Seminarios para comerciantes					
Bolsas e premios para o comercio					
Xornadas para a dinamización do comercio					
Formación a técnicos municipais da área de comercio					
PROGRAMA 3. DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL	290.000,00 €	500.000,00 €	100.000,00 €	- €	890.000,00 €
Actuacións para a implantación de novas feiras en actividades/produtos típicos locais					
Actuacións para a implantación de novas feiras de excedentes do comercio					
Actuacións para reforzar as campañas comerciais					
Actuacións para a dinamización do comercio mediante actos culturais					
PROGRAMA 4. OFICINA DE APOIO AO COMERCIO	78.000,00 €	114.000,00 €	114.000,00 €	114.000,00 €	420.000,00 €
PROMOCIÓN E PUBLICIDADE DO PROXECTO	42.000,00 €	20.000,00 €	19.000,00 €	19.000,00 €	100.000,00 €
ORZAMENTO TOTAL	700.000 €	1.223.500 €	822.500 €	372.000 €	3.118.000 €

4.- Aprobar o texto das bases reguladoras do Programa 1.- Modernización dos mercados locais que se recollen como anexo I do presente acordo.

5.- Aprobar a liña de actuación 2.1 *Servizo de Formación Individual do Programa 2. MELLORA DA FORMACIÓN E XESTIÓN NO COMERCIO* que se desenvolverá a través de convenio con asociacións do comercio que pertencen ao sector do comercio e estean integradas no territorio obxecto do Plan director.

- 6.- Aprobar o resto do Programa 2 e o Programa 3 e 4 que se desenvolverán a través das contratacións necesarias.
- 7.-Aprobar as actuacións de promoción e publicidades do proxecto que se desenvolverá a través das contratacións necesarias.
- 8.- Acordar a exposición pública do presente Plan director de comercio.
- 9.- Facultar o presidente da Corporación para executar as actuacións necesarias en orde ao cumprimento dos presentes acordos.
- 10.- Excepcionar as porcentaxes establecidas nos números 4 e 5 do artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo RDL 2/2004 do 5 de marzo polos recollidos no presente acordo.
- 11.- Condicionar a eficacia do presente acordo á definitiva entrada en vigor do expediente de modificación de crédito no que se consigne crédito axeitado e suficiente con que facer fronte aos compromisos asumidos pola Deputación no presente acordo.

ANEXO I

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDO AOS CONCELLOS DAS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente Programa de modernización dos mercados locais é un programa plurianual da Deputación Provincial da Coruña para os exercicios 2010-2013, que se financia integramente coa achega provincial en cada unha das anualidades ata acadar un total de 1.128.000,00 euros nos catro anos da súa vixencia.

ANUALIDADES	PARTIDA ORZAMENTARIA	ACHEGA PROVINCIAL
2010	0305/431A/762.01	90.000
2011	0305/431A/762.01	435.000
2012	0305/431A/762.01	435.000
2013	0305/431A/762.01	168.000

A realización dos gastos previstos na anualidade 2010 quedará condicionada á entrada en vigor das modificacións orzamentarias sinaladas anteriormente.

A autorización ou realización dos gastos das restantes anualidades queda condicionada á consignación que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos. ((artigo 174 do Texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL).

2.- FINALIDADE E OBXECTO

A finalidade deste programa é a de apoiar e colaborar cos 12 concellos (Boiro, Dodro Lousame, Muros, Noia, Outes, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo, Ribeira e Rois) que conforman o Grupo de Desenvolvementos Rural (GDR) 25 repartidos entre as comarcas de Muros-Noia, O Barbanza e o Sar nas actuacións de

1º Actuacións para a modernización dos mercados municipais coa finalidade de facer investimentos para a remodelación e adecuación dos mercados municipais destinadas á modernización e aumento da competitividade destes, así como investimentos dirixidos a:

- Implantación das TIC
- Recollida selectiva de residuos
- Redución de consumos de enerxía
- Mobiliario urbano que incorpore elementos que lle dean identidade ao mercado

Cos seguintes obxectivos:

- Revitalizar o pequeno e mediano comercio nos mercados municipais pola importancia estratéxica que estes supoñen no tecido comercial dos centros urbano.

2º Actuacións para a modernización de venda non sedentarios coa finalidade de impulsar accións de modernización dos mercados de venda non sedentaria de carácter periódico, en actuacións como as seguintes:

- Equipamentos de móbiles
- Investimentos para a sinalización e identificación do mercado
- Implantación de TIC
- Implantación de sistemas de recollida selectiva de lixo.
- Desenvolvemento de plans de evacuación e emerxencia.
- Servizos para os usuarios:
 - Prazas de aparcamento
 - Lavabos
 - Probadores
 - Puntos de Información
 - Pagos con tarxeta de crédito

Cos seguintes obxectivos:

- Revitalizar o pequeno e mediano comercio nos mercados non sedentarios, pola importancia estratéxica que estes supoñen no tecido comercial dos centros urbanos e rurais.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste programa son os 12 concellos das comarcas de Muros-Noia, O Barbanza e o Sar.

4.- FINANCIAMENTO

O presente programa plurianual financiarase coas achegas da Deputación provincial e as achegas voluntarias dos concellos beneficiarios.

4.1.- Achega provincial

O importe total da achega provincial a este programa para o período 2010-2013 ascende a 1.128.000,00 euros, distribuídos en catro anualidades.

A Deputación financiará a anualidade 2010 cunha achega provincial por importe de 90.000,00 con cargo á partida orzamentaria 0305/431A/762.01

Para as anualidades de 2011, 2012 e 2013 a Deputación comprométese a incluír no respectivo orzamento provincial a cantidade precisa para financiar este programa.

A Deputación comprométese a realizar ao final do período 2010-2013 un investimento total por importe total de 1.128.000,00 euros.-

PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS

	Ano 2010	Ano 2011	Ano 2012	Ano 2013	total
	90.000,00 €	435.000,00 €	435.000,00 €	168.000,00 €	1.128.000,00€
Actuacións dirixidas á modernización dos mercados municipais	PARTIDA 0305/431A/762.01				
Actuacións dirixidas á modernización de mercados de venda non sedentarios					

A cada un dos 12 concellos asígnaselle unha cantidade máxima de 94.000,00 euros.

Os concellos poderán presentar proxectos para seren financiados con cargo á achega provincial asignada a executar durante as anualidades 2010-2013 de acordo coa seguinte previsión de imputación temporal.

ANUALIDADE	2010	2011	2012	2013	Total por concello
------------	------	------	------	------	--------------------

Cantidade anual para cada concello	7.500,00 €	36.250,00 €	36.250,00 €	14.000,00 €	94.000,00 €
12 concellos	90.000,00 €	435.000,00 €	435.000,00 €	168.000,00 €	1.128.000,00 €

Os concellos poderán solicitar anualmente os investimentos que precisen, polo importe que considere conveniente, dentro dos prazos de presentación de solicitudes que se concretan na base 5.

Non obstante, debe terse en conta que só se aprobarán anualmente aqueles proxectos que contén con todas as autorizacións administrativas que sexan precisas para a súa execución, así como os terreos que sexan necesarios e así se acredite documentalmente.

4.2.- Achega municipal

Os concellos non teñen a obriga de facer ningunha achega, non obstante estes poderán voluntariamente facer unha achega municipal cando sexa preciso para completar o orzamento total do proxecto técnico das obras ou do equipamento que solicite para a súa inclusión neste programa e cuxo orzamento sobrepase a súa cantidade asignada.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste programa, deberán presentar no rexistro xeral da Deputación ou nas formas dispostas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata as datas que se indican en cada unha das anualidades, a documentación que se indica nos puntos 1, 2, 3 e 4 desta base 5:

Anualidade de aprobación pola Deputación	Data límite de presentación da documentación polos concellos
Anualidade 2010 90.000,00 €	30 de setembro de 2010
Anualidade 2011 435,000,00 €	30 de abril de 2011
Anualidade 2012 435.000,00 €	30 de abril de 2012
Anualidade 2013 168.000,00 €	30 de abril de 2013
TOTAL 1.128.000,00 €	

5.1. Certificación do acordo plenario municipal

Os concellos deberán presentar coas solicitudes de participación no Plan a certificación do acordo plenario municipal de participación no presente programa, de conformidade co modelo que figura como anexo I, no que se aceptan expresamente estas bases e se preste aprobación aos proxectos técnicos das obras ou de adquisición de equipamentos, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e, de ser o caso, o que se realiza con cargo á achega voluntaria municipal.

Esta certificación recollerá, en caso de achega voluntaria, o acordo de compromiso de achega municipal.

No mesmo acordo indicárase expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras. No suposto de que se soliciten actuacións que estean sometidas a autorizacións ou concesións administrativas, o concello deberá aportar o documento acreditativo da súa concesión pola autoridade competente.

Neste acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra ou para a adquisición do equipamento, que a suma total delas non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito acordo autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.2.- Informe técnico

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, de ser o caso, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes, etc. Neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público.

5.3.- Documento acreditativo das autorizacións administrativas precisas

Cando no informe técnico que se cita na base 5.2 se indique que para a execución da obra son precisas autorizacións administrativas, deberá aportarse unha copia compulsada do documento acreditativo da súa concesión pola autoridade competente.

5.4.-Documentación técnica

Dous exemplares de cada proxecto técnico, co contido establecido no artigo 107 da citada Lei 30/2007 de contratos co sector público.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra establécese en 7.500,00 euros.

6.- APROBACIÓN DO PROGRAMA

A aprobación do programa producirase anualmente, nunha ou dúas fases cada ano de acordo coas posibilidades financeiras da Deputación, nel incluíranse os investimentos solicitados polos concellos cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa, e que se poidan financiar con cargo ao crédito provincial dispoñible.

No suposto de que os orzamentos das solicitudes presentadas cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa supoña nunha achega provincial superior ao crédito dispoñible no momento da elaboración do programa, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

1º Proxectos de concellos que non presentaran ningún ou o que tiveran presentado menor número de actuacións neste programa.

2º.- Obras de concellos de menor poboación.

3º Por orde de entrada dos proxectos, presentados polos concellos, no Rexistro Xeral da Deputación.

As solicitudes completas que non puideran incluírse na anualidade do 2010 do programa base por non haber crédito dabondo incluíranse para a súa aprobación nas seguintes anualidades. Igualmente, as solicitudes que estean pendentes de completar documentación non se aprobarán definitivamente ata que estean correctas e completas.

Unha vez aprobado o programa, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública sen que se presentaran alegacións poderase proseguir os trámites.

7.- CONTRATACIÓN DE OBRAS E DE INVESTIMENTOS

A contratación da obras da anualidade 2010 farana os respectivos concellos por delegación da Deputación, e deberá realizala antes do día 30 de marzo do 2011. A contratación das restantes anualidades será realizada antes do 30 de novembro de cada exercicio. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante Resolución de Presidencia, previa solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007 de 30 de outubro de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta Deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no artigo 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no programa destinaranse a minorar a achega voluntaria municipal que se realice ata anular, se fora posible, a dita achega. En caso de que a actuación non teña achega municipal a baixa destinarase a minorar a achega provincial da correspondente actuación.

Unha vez adxudicadas as obras e/ou as actuacións de investimento deberá remitirse á esta Deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos.
- Listaxe de obras e investimentos con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo anexo II.
- Documentación xustificativa da elección do procedemento e forma de adxudicación, xustificación da publicidade da licitación, relación de ofertas cos seus respectivos importes, aplicación dos criterios de adxudicación e informes técnicos xustificativos das valoracións aplicadas ás ofertas presentadas.
- No caso de seren executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público.

8.- EXECUCIÓN DO PROGRAMA

As obras e actuacións de investimentos executarana os respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra. A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a Deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As obras e actuacións de investimentos deberán quedar totalmente rematadas e certificadas antes do 1 de novembro do ano seguinte ao de aprobación do programa. Non obstante, o concello poderá xustificadamente solicitar prórroga para o seu remate.

As modificacións dos contratos tramitados, no seu caso, o concello de acordo co establecido na citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. En todo caso, requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo Concello e posteriormente pola Deputación.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente. Non obstante, no suposto de que o concello non teña esgotado o seu importe de participación no programa, poderá solicitar que o dito importe se destine a financiar os incrementos producidos por modificacións de proxectos ou certificacións finais de obra ata o límite anual da achega ao devandito concello.

Dende a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola Deputación cos datos da obra.

O modelo de cartel de obra que figura na páxina web desta Deputación (www.dicoruna.es –modelos de carteis de obra) deberase colocar debidamente cuberto, dende o inicio da obra ata a súa recepción, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e outra do cartel da obra e o seu contorno, sendo requisito indispensable para que esta Deputación lle transfira ao Concello o importe da achega provincial ao programa.

No caso de que o proxecto sexa de investimento en equipamentos o concello deberá colocar unha placa conmemorativa para dar publicidade do financiamento provincial.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando a certificación de execución das obras.

En caso de adquisición de equipamentos a xustificación efectuarana os concellos presentando a certificación do acordo polo que se aprobou a adquisición do equipamento, xunto coa copia, en caso de ben inmóbel, da escritura pública de adquisición e no resto dos casos a certificación da aprobación da factura e demais documentos xustificativos polo órgano de Contratación. Así mesmo achegarase a certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello e, no seu caso, acreditación da inscrición rexistral a prol deste.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarse á vista das certificacións das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, e que figuran a súa páxina web, debidamente aprobadas

polo concello e por triplicado exemplar. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000 €, salvo na última certificación.

A deputación transferirá ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, previa verificación da adecuación das certificacións ao proxecto aprobado no programa.

Coa primeira certificación deberá xuntarse as dúas fotografías onde se reflicta o propio cartel, conforme ao modelo establecido, e súa colocación na obra.

Ao remate da obra, coa última certificación de execución, deberase achegar a correspondente acta de recepción.

Coa última certificación terá que acompañarse a certificación expresa do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento da obra, ou no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

O concello deberá comunicarlle á Deputación a data na que estea prevista a celebración da recepción da obra, posto que esta Deputación ten previsto acudir a algúns dos anteditos actos de recepción para verificar a correcta execución da obra.

Con carácter previo ao pagamento da achega provincial, deberá acreditarse que o concello está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En todo caso, se o concello tivese débedas vencidas, líquidas esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación para que o pagamento da súa achega sexa por compensación.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da Deputación, previo informe da Secretaría e Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO I
MODELO DE ACORDO PLENARIO

Don/a _____ secretario/a do Concello de

1º Participar no Programa de modernización de mercados locais 2010-2013 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade _____, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican deseguido:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
TOTAL			

2º Aprobar os correspondentes proxectos técnicos das obras previstas no apartado 1º

3º Declarar (de ser o caso) que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º Para o financiamento do importe da achega municipal, de ser o caso, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supera o 100% do seu importe.

6º Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axenda Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º Facultar ao alcalde para executar todo o relacionado co presente acordo.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

_____, _____ de _____

Vº e Pr.
O ALCALDE

ANEXO II
ADXUDICACIÓN DE OBRAS
PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DE MERCADOS LOCAIS AÑO: _____ FOLLA: _____

NOME PROXECTO:	IMPORTE:
ÓRGANO ADXUDICATARIO:	DATA ADXUD: ADXUDICAC:
PROCEDEMENTO:	FORMA: PRAZO: BAIXA:
CIF:	NOME :
DIRECCIÓN:	CP
POBOACIÓN:	TFO.:

NOME PROXECTO:	IMPORTE:
ÓRGANO ADXUDICATARIO	DATA ADXUD. ADXUDICAC:
PROCEDEMENTO:	FORMA: PRAZO: BAIXA:
CIF:	NOME :
DIRECCIÓN:	CP
POBOACIÓN:	TFO.:

NOME PROXECTO:	IMPORTE:
ÓRGANO ADXUDICATARIO	DATA ADXUD. ADXUDICAC:
PROCEDEMENTO:	FORMA: PRAZO: BAIXA:
CIF:	NOME :
DIRECCIÓN:	CP
POBOACIÓN:	TFO.:

(nome do Concello), _____

O ALCALDE

O SECRETARIO”

7.-PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO DO PLAN DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA para financiar o proxecto de promoción turística denominado "Plan de mellora de calidade turística da CORUÑA".

2.- A achega provincial prevista no convenio para a anualidade 2010 ascende a un total de 150.000 euros.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/432A/462.01

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO PLAN DE MELLORA DE CALIDADE TURÍSTICA.

A Coruña, de 2010.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. , en representación do CONCELLO DA CORUÑA.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN:

1.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA consideran de grande interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa promoción do turismo na provincia da Coruña.

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva todo aquilo que signifique estudo, información e mellora da promoción turística .

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e o Concello da CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes cláusulas

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DA CORUÑA-P1503000J para o financiamento do Plan de mellora de calidade turística.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLO CONCELLO DA CORUÑA.

O CONCELLO A CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1. ACCIÓN DAS PROMOCIÓNS	53.540,00 €
2. CREACIÓN DE PRODUCTOS	122.960,00 €
3. EDICIÓN DE MATERIAL PROMOCIONAL	11.000,00 €
	187.500,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 150.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/432A/46201.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO A CORUÑA o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DA CORUÑA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO A CORUÑA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Consonte ao disposto na Base 55^a.2 das de execución do Orzamento para o ano 2010, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO A CORUÑA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 30 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DA CORUÑA na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrasen o importe que lle corresponda, o CONCELLO A CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO A CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO A CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DA CORUÑA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións disposto nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o 30 de novembro de 2011.
2. Previa solicitude do CONCELLO DA CORUÑA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONCELLO DA CORUÑA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

“E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento”

Faise constar que o presente convenio aprobose por Resolución de Presidencia do de de 2010

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE DA CORUÑA
PROVINCIAL DA CORUÑA

SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA JAVIER LOSADA DE AZPIAZU”

8.-PROPOSTA DA PRESIDENCIA PARA QUE A DEPUTACIÓN FINANCIE A REPERCUSIÓN DO INCREMENTO DO TIPO DE GRAVAME DO IVE NAS OBRAS INCLUÍDAS EN PLANS PROVINCIAIS CUXA CONTRATACIÓN ESTEA DELEGADA NOS CONCELLOS.

(Entra a Sra. Vázquez Veras).

INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sras. e Sres. deputados, Sr. presidente. Nós agradecemos, o Grupo Popular, que se tivese en conta a proposta feita no Pleno do 26-2-2010, o Pleno anterior, do mes de febreiro, e na que o presidente di que "...isto ten un alcance que son incapaz de valorar nestes momentos, por tanto, estudarémolo." A verdade é que agradecemos o estudo, agradecemos que a Deputación, o grupo de goberno valorase a petición de pasar dese tipo impositivo do 16 ao 18% e que iso non tivese repercusión nas obras da Deputación que teñen que contratar os concellos.

Por outra banda queremos seguir manifestando que o Grupo Popular, e ademais adheríndonos ao acordo do Senado votado en Madrid, que seguimos estando en contra desta subida do IVE do 16 ao 18%, eses dous puntos, xa que, circunscribíndonos aos concellos, que é onde nos temos que ater, isto vai representar tamén para os concellos outro grave prexuízo, dada a situación que atravesamos todos os concellos, e sobre todo nestes momentos nos que xa sabemos que imos recibir do Estado menos fondos dada a situación xeral, tamén entendemos, que estamos a vivir. O cal, independentemente de que nós como Grupo Popular esteamos en contra desa subida do IVE, e ademais adheríndonos a ese acordo maioritario do Senado, aplaudimos que o grupo de goberno e o presidente fosen sensibles a este aumento do 2% tal como expuxemos no Pleno do mes de febreiro. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Gacio, como pode imaxinar esta non é unha medida improvisada, nin sequera é unha medida illada. Efectivamente, no último Pleno ordinario do mes de febreiro vostede preguntou, ou fixo un rogo, non sei, unha pregunta para facer unha Comisión que estudase as repercusións do IVE. Isto non é unha Comisión, non respondemos facendo unha Comisión, respondemos traendo un acordo, pero como digo, non é nin improvisado, nin está illado.

Este acordo, á parte de poñelo en valor porque é importante, márcase dentro dunha serie de actuacións que a Deputación vén adoptando desde xaneiro do ano 2009 para axudar dalgunha forma aos concellos a transitar por esta difícil situación económica que están a vivir, e isto enmárcase dentro doutras medidas como o Plan de acción anticrise, que esta Deputación aprobou por un importe de 20 millóns de euros, coa adopción do acordo do carácter prepagable das subvencións e dos plans aos

concellos para que dispoñan de diñeiro líquido e poidan pagar canto antes; co incremento da entrega a conta aos concellos da Coruña que son usuarios dos servizos de recadación, incrementáronse as entregas a conta para darlles liquidez; co tema de auditoría enerxética que fixemos, por importe de 900.000 euros en 82 concellos da provincia, todos os de menos de 20.000 habitantes, para ver cales eran as deficiencias que podían ter na utilización do consumo enerxético, para proporlle alternativas para aforrar o custo en materia enerxética e para facer unha utilización máis racional e eficiente do consumo eléctrico.

Ten que ver tamén coa decisión desta Corporación de financiar as direccións de obra e a redacción de proxecto das obras do FEIL do ano pasado, que foron 6 millóns e medio de euros, ten que ver tamén coa decisión desta Corporación de destinar o 50% do POS para que os concellos puidesen utilizalo para gasto corrente, por certo, foi utilizada esta posibilidade por 45 concellos, por un importe de 4.815.000, que xa se lle transferiron aos concellos, e esta medida do incremento do IVE que, indubidablemente, vai beneficiar a moitos concellos porque recolle o Plan de cooperación desde o ano 2006, hai aínda obras do POS do ano 2006 que están sen certificar, recolle o Plan de cooperación dos concellos do ano 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010, recolle o Plan de acción anticrise 2, do ano 2009, o Plan especial de parques infantís do ano 2009, o Plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial do ano 2008, o Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais dos anos 2006 e 2007, o Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006-2007, o Plan de piscinas cubertas climatizadas 2005-2006 e Plan de investimentos locais 2005.

Son obras de todos estes plans que están pendentes de certificar, que lles pedimos aos concellos que acelerasen a emisión de certificacións, porque aquelas que veñan antes do 1 de xuño deste ano, virán co tipo xeral do 16%, e a partir do 1 co tipo xeral do 18%, que aceleren, na medida do posible, a emisión destas certificacións, e son obras que lle van supor á Deputación un gasto ao redor dun millón cincocentos mil euros, e creo que isto debemos de poñelo en valor, porque é a única Deputación de Galicia que ten este tipo de actuacións cara aos concellos da súa provincia, e creo que nisto podemos presumir todos de que a Deputación está nun momento de crise, nun momento en que os concellos teñen tensións, tensións de liquidez de Tesourería, estamos a axudarlles aos concellos a transitar un pouquiño mellor por esta etapa difícil, e podemos tamén dicir orgullosamente que a Deputación está a ser o que ten que ser, concello de concellos.

Esta é unha decisión que imaxino que vai ser aprobada por unanimidade, e gústame, porque creo que as cousas importantes débense de facer sempre por unanimidade, así que presumamos, non só disto, senón que presumamos tamén de todas as medidas que desde o ano 2009 están a tomarse para axudar aos concellos.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o artigo 79 da Lei 26/2009 e os informes emitidos polo Servizo de Xestión de Plans e o Servizo de Patrimonio e Contratación, esta Presidencia proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- A Deputación provincial asume o compromiso de financiar a repercusión do incremento do tipo de gravame do IVE nas obras incluídas en Plans provinciais cuxa contratación está delegada nos concellos.

En concreto o devandito compromiso refírese aos Plans provinciais que seguidamente se enumeran:

PLANS PROVINCIAIS COA CONTRATACIÓN DELEGADA NOS CONCELLOS		
Denominación do plan	Sigla	Anualidades
Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Base e adicionais)	POS	2010-2009-2008-2007-2006
Plan de cooperación cos concellos	PCC	2010-2009-2008
Plan de cooperación provincial (Base e adicional)	PCP	2007
Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009	PAC - 2	2009
Plan especial de parques infantís	PEPI	2009
Plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial	PIO	2008
Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais	PHA	2007-2006
Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónica	BARR	2007-2006
Plan de piscinas cubertas climatizadas 2005-2006	PCC	2006-2005
Plan de Investimentos Locais	PIL	2005

2º.- As modificacións nos orzamentos de execución de proxectos que deriven exclusivamente do incremento do tipo de gravame do IVE non requirirán nova aprobación polo Pleno Corporativo.

3º.- Facultar ao presidente para a adopción dos actos ou resolucións que requiran a aplicación efectiva do presente acordo.

4º.- A eficacia xurídica do presente acordo condiciónase á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito no que se conteña o crédito orzamentario necesario para abordar o gasto correspondente.”

9.-APROBAR A 3ª FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PROXECTO MANDEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os pregos de prescricións técnicas particulares para a contratación das actuacións que máis adiante se indican, que desenvolven o contido do Proxecto reformulado denominado “Mandeo. Posta en valor das cuncas fluviais 1ª fase: Río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013,

1º.- Aprobar a terceira fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo na que se inclúen as seguintes actuacións, que serán contratadas por esta Deputación:

Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
10.2800.0023.0	Rutas sendeirismo Lote 1 Pr. Mandeo	259.442,29	0,00	259.442,29
		111.189,55	0,00	111.189,55
		370.631,84	0,00	370.631,84
10.2800.0024.0	Rutas sendeirismo Lote 2 Pr. Mandeo	268.691,02	0,00	268.691,02
		115.153,29	0,00	115.153,29
		383.844,31	0,00	383.844,31
10.2800.0025.0	Rutas sendeirismo Lote 3 Pr. Mandeo	225.319,71	0,00	225.319,71
		96.565,59	0,00	96.565,59
		321.885,30	0,00	321.885,30
10.2800.0026.0	Rutas sendeirismo Lote 4 Pr. Mandeo	250.223,49	0,00	250.223,49
		107.238,64	0,00	107.238,64
		357.462,13	0,00	357.462,13
10.2800.0027.0	Adquisición inmoble 1. Chelo. Pr. Mandeo	47.600,00	0,00	47.600,00
		20.400,00	0,00	20.400,00
		68.000,00	0,00	68.000,00
10.2800.0028.0	Adquisición inmoble 2. Chelo. Pr. Mandeo	37.100,00	0,00	37.100,00
		15.900,00	0,00	15.900,00
		53.000,00	0,00	53.000,00
10.2800.0029.0	Redacción proxecto área lecer Chelo. Pr. Mandeo	34.104,00	0,00	34.104,00

	14.616,00	0,00	14.616,00
	48.720,00	0,00	48.720,00
TOTAL	1.122.480,51	0,00	1.122.480,51
	481.063,07	0,00	481.063,07
	1.603.543,58	0,00	1.603.543,58

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do Orzamento provincial para o exercicio 2010.

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

10.-APROBAR A MODIFICACIÓN 2010 DO PROXECTO MANDEO 2008-2011 COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Revisadas as actuacións incluídas no Proxecto Mandeo 2008-2011 cofinanciado con Fondos Feder, e tendo en conta o seu grao de execución actual en relación coa programación inicialmente realizada

1º.- Solicitar ao Ministerio de Política Territorial a modificación do Proxecto Mandeo, que foi aprobado en sesión realizada o 26 de setembro de 2008. A modificación consiste, por unha banda, en incrementar o orzamento dalgunhas das actuacións e diminuír outras no mesmo importe; e por outra en acumular algunhas das actuacións nunha soa para facilitar a súa xestión e seguimento. Ademais, realízase un axuste das sendas financeira por anualidades para adaptala ao ritmo de execución e pago do proxecto.

Os importes totais do proxecto detallados por anualidades é o que a continuación se indica:

	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO
2.008	1.138.451,46	4.444,33
2.009	7.112.275,53	556.021,29
2.010	4.165.858,9	1.429.900,96
2.011		10.426.219,31
TOTAL	12.416.585,89	12.416.585,89

2º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local a efectos da coordinación establecida na Lei 5/1997 de 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

11.-APROBAR A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMADO PÚBLICO NO CONCELLO DE CABANAS” DO CONCELLO DE CABANAS, INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADA AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTENIMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2). CÓDIGO 09.3270.0014.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra denominada “Reparación instalacións de alumado público no Concello de Cabanas”, incluída na primeira fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC2) (Código 09.3270.0014.0). O proxecto modificado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.”

2009-3270-0014.0	Reparación instalacións de alumado público no Concello de Cabanas		
SOBRE O ORZAMENTO DE CONTRATA			
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	40.000,00	40.000,00	0,00
CONCELLO	9.500,00	101.942,00	92.442,00
TOTAL	49.500,00	141.942,00	92.442,00

12.-INICIAR O EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE FERROL DO INMOBLE AA.VV. SAN XOÁN DE FILGUEIRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Iniciar expediente de cesión de uso ao Concello de FERROL do inmoble: AA.VV. SAN XOÁN DE FILGUEIRA

Concepto	Aprobación	Importe
Adquisición do local	Resol. nº 22688, de 28-12-2001	66.111,33
Obras (Inicial)	Resol. nº 12671, de 1-8-2008	53.921,94
Obras (Reformado)	Acordo da Xunta de Goberno do 8-10-2009	8.815,4
	Total	128.848,67

- CONCELLO: FERROL.
- SITUACIÓN DO INMOBLE: R/SOUTO Nº 15 PLANTA BAIXA NO BARRIO DE SAN XOÁN DE FILGUEIRA E BERTÓN, MUNICIPIO DE FERROL.

Sendo a superficie do terreo de 137 m² e a superficie da construción 71 m² e para completar as instalacións proxéctase un salón de actos e usos múltiples coas súas dependencias complementarias que se relaciona:

Salón de actos e usos múltiples (56 persoas)	55,55 m ²
Escenario	13,50 m ²
Vestíbulo	14,05 m ²
Aseo minusválidos	4,40 m ²
Porche acceso	14,10 m ²

- REFERENCIA CATASTRAL:
3664410nj6136s0001wf
- ADQUISICIÓN: COMPRAVENDA A DNA HERMANDINA LUACES SANTALLA, SEGUNDO ESCRITURA OUTORGADA POR D. FRANCISCO MANUEL LÓPEZ SÁNCHEZ O 29 DE ABRIL DE 2.002. Nº PROTOCOLO: 1235
- REXISTRO: REXISTRO DA PROPIEDADE DE FERROL PREDIO nº 52.749; TOMO 1.669; LIBRO 655; FOLIO 22.
- DESTINO: Cesión á AA.VV. “SAN XOÁN DE FILGUEIRA”.
- CONCELLO: FERROL

Mediante Resolución de Presidencia de 8-3-2010 acórdase o inicio dos trámites para a cesión de uso ao Concello de FERROL do edificio destinado á Asociación de Veciños de SAN XOÁN DE FILGUEIRA do citado concello.

2ª) Aprobar o texto do convenio onde se concretan as condicións de cesión de uso ao Concello de FERROL, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión.

3º) Someter o expediente a información pública por prazo de 15 días, mediante anuncio a publicar no BOP, para oír reclamacións, que serán resoltas polo Pleno da Corporación.

4º) Dar conta da cesión de uso á Comunidade Autónoma de Galicia.

5º) Unha vez cumprido o trámite a que se refire o apartado 4º será sometido novamente o expediente á súa aprobación definitiva polo Pleno. “

13.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DA TRAVESÍA NA DP 7801 DO VAL DO DUBRA A SANTIAGO PQ 21,20 AO PQ 21,71 (SANTIAGO) (CÓDIGO 05.1130.0013.0) INCLUÍDO NO PLAN 3ª RELACIÓN DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005.

(Entra o Sr. Fernández Mouriño).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Aprobar provisionalmente o proxecto Modificado nº. 1 do de Travesía na EP 7804 de Val do Dubra a Santiago P.Q. 21,20 ao PQ 21,71 (Santiago) (05.1130.0013.0) INCLUÍDO NO PLAN TERCEIRA RELACION DA 3ª FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS 2005 cun novo orzamento de contrata que se detalla

CODIGO	DENOMINACION	ORZAMENTO
05.1130.0013.0	MODIFICADO Nº. 1 TRAVESIA NA D.P.7804 DE VAL DO DUBRA A SANTIAGO PQ 21,20 ao PQ 21,71 (SANTIAGO)	431.996,42

2.-Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.-Modificar os datos contables que figuran no sistema informático contable debendo constar:

CODIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0013.0	MODIFICADO Nº1 TRAVESIA NA DP 7804 DE VAL DO DUBRA A SANTIAGO P.Q. 21,20 AO P.Q. 21,71 (SANTIAGO)	431.996,42

14.-DESISTENCIA DO ACORDO PLENARIO DO 29-2-2008 POLO QUE SE APROBOU O PROXECTO DE ENLACE DA DP 7201 RAMPLA A RIANXIÑO (RIANXO) E APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO QUE INTEGRARÁ O PROGRAMA DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 NO QUE ESTÁ INCLUÍDO O PROXECTO ACTUALIZADO DO ENLACE DA DP 7201 RAMPLA A RIANXIÑO (RIANXO). SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS PARA A EXPROPIACIÓN DO CITADO PROXECTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Desistir do acordo plenario do 29-2-2008 polo que se aprobou o proxecto ENLACE DA C.P. 7201 RAMPLA A RIANXIÑO (RIANXO), tendo en conta que a instancias municipais e atendendo ás reclamacións presentadas, promoveuse unha solución diferente para a intersección coa DP 3301 modificando o seu deseño inicial (en semiglorieta con carril de espera para os

vehículos desta estrada) a entronque de glorieta que mellore a seguridade viaria da intersección.

2. Así mesmo, desistir do acordo do Pleno de data 29-2-2008 polo que se aprobou a solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras incluídas no proxecto ENLACE DA C.P. 7201 RAMPLA A RIANXIÑO (RIANXO)
3. Aprobar tecnicamente o Proxecto que integrará o PROGRAMA DE INVESTIMENTOS EN VÍAS PROVINCIAIS (2009-2011). A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓN)
PROXECTO ACTUALIZADO DE ENLACE DA C.P. 7201 RAMPLA A RIANXIÑO (RIANXO)	495.980,98	87.698,10

Previamente á solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras incluídas no PROXECTO ACTUALIZADO DE ENLACE DA E.P. 7201 RAMPLA A RIANXIÑO (RIANXO), deberá intentarse o mutuo acordo cos afectados.

4. Expoñer ao público o citado proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.
5. Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, tales como que:

RAZÓNS QUE MOTIVAN A URXENTE OCUPACIÓN

- O presente proxecto ten por obxecto a ampliación de trazado da EP 7201 ata enlazar coa EP 3301 servindo como saída do núcleo de Rianxo
- a EP 7201 ten un ancho de calzada de 6 metros (2 carrís de 3 metros), 2 beiravías de 0,50 e a EP 3301 un ancho de 7 metros (dous carrís de 3,50) e unhas beirarrúas de 1,50 por ambas marxes, polo que se proxectan dous carrís de 3,50 metros e dúas beiravías de 1,50 como sección xenérica para todo o tramo.
- Proxectar un carril central na EP 3301, refórzase o ancho da EP 3301 en toda a intersección e proxectar a reposición de beirarrúa e bordo na EP 3301
- Proxectar a construción de cunetas revestidas sobre pé de desmonte para canalización de escorrentía ata a canle natural e reponse a rede de pluviais nas beirarrúas da EP 3301
- A hora de realizar o trazado e dado que se atopa en gran parte do seu percorrido entre edificacións existentes, conseguiuuse que non se expropie vivenda ningunha. Doutra banda está formado por tres aliñacións curvas en S para proporcionar unha condución cómoda e segura dada a importante pendente do tramo
- Proxéctase a construción dunha glorieta no PK 0,00 para a reordenación do cruzamento actual entre a EP 7201 con dous camiños municipais existentes e o novo tramo da estrada proxectado, e é de especial interese para a ordenación de tráfico pesados que acceden e saen de Rianxo procedentes do porto.
- Glorieta na intersección dp 3301: a tipoloxía da nova intersección entre DP 7201 e DP 3301 estará formada por unha glorieta formada por un anel centro de 12 metros de diámetro e outro externo de 29 metros de diámetro distribuídos do xeito seguinte: calzada de 5 m., beirarrúa de 1,5 m. e bordo e pavimento empedrado rebasable ancho 2 m.
- Proxéctase unha mellora de trazado na EP 3301 no tramo 0+234 ao 0+356 trazando dúas novas aliñacións curvas de 70 metros
- Optimizouse a rasante na medida do posible, sen comprometer economicamente nin ambientalmente cun volume de terras desproporcionado
- Na actualidade a estrada presenta unhas dimensións reducidas, cun firme en mal estado e nalgúns zonas de trazado as curvas teñen un radio moi pequeno.
- Preténdese mellorar a comunicación entre os correspondentes núcleos.
- A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse co fin de dotalas de maior visibilidade.
- Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria .
- A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

6. Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras PROXECTO ACTUALIZADO ENLACE DA E.P. 7201 RAMPLA A RIANXIÑO (RIANXO) mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

15.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2010 2ª FASE NO QUE ESTÁN INCLUIDOS OS SEGUINTE PROXECTOS:

-TRAVESÍA NA DP 3612 ANEIRO A CABANA 1ª FASE P.Q. 0+000 AO PQ 0+300 (FERROL).

-SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 2601 (CESURAS).

-URBANIZACIÓN DA DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO FASE II DO P.Q. 0+730 AO P.Q. 1+835 (CARBALLO).

E A SÚA REMISIÓN AOS CONCELLOS PARA OS EFECTOS DA ADOPCIÓN DOS ACORDOS E REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1)Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2010 2ª FASE cun orzamento total de 1431539,07.- euros e que son as que a continuación se detallan

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
TRAVESÍA EN DP 3612 ANEIRO A CABANA PRIMEIRA FASE PK 0+000 A PK 0+300 (FERROL)	253.873,99
SENDA PEONIL NA ESTRADA DP 2601 (CESURAS)	140.417,49
URBANIZACION DA DP 1901 CARBALLO A SISAMO FASE II (DO PK 0+730 A 1+835) (CARBALLO)	1.037.247,59
TOTAL	1.431.539,07

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en Sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

16.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DO ENSANCHE E MELLORA E A SEGURIDADE VIARIA NA DP 7806 RAMPLA AO AVIO , SANTIAGO (CÓDIGO 0811300015.1).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1.- Aprobar o proxecto reformado do ensanche e mellora da seguridade viaria na DP 7806 Rampla ao Avio, Santiago (Código do proxecto reformado 0811300015.1) polo seu orzamento de contrata de 154.782,87 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 22.841,08 euros.
- 2.- Formalizar en documento administrativo co adxudicatario do contrato primitivo, OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. (OVIGA) (B-15608193) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 123.669,76 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 18249,76 euros.
- 3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 786,63 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro dun prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 5.330,60 euros.”

17.-CONCEDER UN PRAZO DE 20 DÍAS AO CONCELLO DE MELIDE PARA QUE REMITA A DOCUMENTACIÓN RELATIVA A OBRA A INCLUIR NO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007 (MELLORA DA

SEGURIDADE VIARIA DA TRAVESÍA NA DP 4604 PK 2+480 A 3+100 AS BARREIRAS - MELIDE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder un prazo de 20 días a contar desde a notificación do presente acordo para que o Concello de MELIDE remita a documentación da base 3.2. DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007 (MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA TRAVESIA NA DP 4604 PK 2+480 A 3+100 AS BARREIRAS (MELIDE) e que literalmente di:

3.2.-Adopción de acordos polos concellos.-Os concellos no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción dos proxectos remitidos pola deputación, deberán enviarlle á deputación a seguinte documentación:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola deputación por delegación do concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterà unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

a) Aprobación do proxecto e autorización á deputación para executar as obras facendo constar que contan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.

b) Conformidade coas presentes bases.

c) Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

d) Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.

Todo iso para os efectos de sometelo, unha vez realizado o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

En caso de non remitirse a documentación requirida no prazo fixado archivarase o expediente.”

18.-DAR POR REMATADA A FASE DE INFORMACIÓN PÚBLICA NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DO PROXECTO DE ENSANCHE E MELLORA DA DP 7802 DE ROXOS A REBORIDO (SANTIAGO DE COMPOSTELA) E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS. RATIFICAR A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1. Dar por rematada a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no Proxecto ENSANCHE E MELLORA DA E.P. 7802 DE ROXOS A REBORIDO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)
2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por suscitar cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio, tendo en conta que, de conformidade co informe emitido por Vías e Obras:

En canto á restitución dunha canalización de augas faise constar que esta restituírase durante a execución das obras

En canto a cuestións de determinación, catalogación, denominación e superficie de bens deberán ser resoltas en fases posteriores do expediente expropiatorio como puidese ser o levantamento de actas previas.

En canto á modificación do trazado enténdese que non implica interese público e que ademais afectaría ao cemiterio

Faise constar, así mesmo, que non procede a inclusión no parcelario do predio 285 15079A25500117) xa que non resulta afectada.

Á vista das cales se deduce que ningunha das alegacións desvirtúa a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Polo tanto, as ditas alegacións suscitan cuestións que no seu caso deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio (modificación de trazado para que non afecte á súa propiedade, determinación dos bens afectados, medición, estaquillado, titularidades, reposición de bens afectados etc.)

3. Ratificar a solicitude de declaración de urxente expropiación á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citada obra, tales como que:

- O tramo inicial que discorren entre os PK 0,000 a 0,400, atópase dentro da zona afectada por unha actuación de tipo urbanístico, polo que esta zona exclúese do alcance do proxecto pois verase acondicionada nas obras de devandito plan.

- A existencia de numerosas edificacións próximas á estrada conforma un primeiro tramo urbano desde o PK 0,400 ao 1+000 ; a partir do devandito PK ata o 2+300 a menor densidade de vivendas define un tramo semiurbano. O alzado caracterízase por unha sucesión de cambios de rasante a suprimir ou suavizar e por un ancho de calzada insuficiente para as necesidades dos vehículos e dos peóns.

- A ponte existente sobre o río Roxos precisa ser ampliado para encaixe de plataforma proxectada.

- A orografía accidentada do terreo a partir do PK 2+300 determina o trazado sinuoso actual tanto en planta como alzado e xustifica a introdución de dúas variantes para a súa mellora, entre os pk 2+700 e 2+800 e a maior entidade, desde o pk 3+300 ao final. Nesta zona hai importantes desmontes na marxe esquerda, curvas de radios reducidos e grandes irregularidades no alzado.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

19.-INFORME FINAL DO PLAN DE AUDITORÍAS DAS SUBVENCÍONS ABOADAS NO EXERCICIO 2008 E PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCÍONS ABOADAS NO EXERCICIO 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO.- Tomar coñecemento das recomendacións realizadas no informe da Intervención, no que se reiteran algunhas das recomendacións realizadas no exercicio anterior e xa incorporadas á nosa propia normativa, como é a esixencia dos pagos a

través de transferencia bancaria, co fin de deixar a pista necesaria para que se poida verificar a efectiva aplicación dos fondos recibidos ao obxecto para o que a subvención foi concedida.

SEGUNDO.- Dándolle cumprimento ás Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2010, que se aprobe un novo Plan de auditorías con respecto ás subvencións pagadas no exercicio 2009, que cos parámetros e criterios previstos na proposta terceira do informe de Intervención, quedaría do seguinte xeito:

- **UNIVERSO:** Todas as subvencións pagadas no exercicio 2009 con cargo aos capítulos 4º e 7º do Estado de Gastos, excluíndose unicamente aquelas nas que o beneficiario sexa unha entidade pública (achégase xa como anexo III do informe unha relación de todas as subvencións pagadas pola Deputación no exercicio de 2009 a entidades privadas, ordenadas de maior a menor importe).
- **ESCOLLA DA MOSTRA:** Determinado o universo, propónse para a escolla o establecemento de catro tramos, de acordo co seguinte detalle:

TRAMO	INTERVALO	Nº EXPEDIENTES DO TRAMO	PORCENTAXE DE CONTROL(%)	Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR
1º	1-10	10	50	5
2º	11-110	100	25	25
3º	111-1.110	1.000	10	100
4º	1.111-2.727	1.617	5	80
TOTAL		2.727		210

A escolla dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra de aleatoriedade simple, en presenza do secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto redactando a correspondente acta.

TERCEIRO.- Para o control dos expedientes correspondentes ás subvencións pagadas con cargo ao capítulo 4º do Estado de Gastos e que teñan un importe inferior a 3.000 euros, seguirase o procedemento abreviado previsto no informe-proposta da Intervención, omitíndose a dilixencia de comparecencia e o exame dos libros contables da entidade. Agora ben, se unha vez examinada a documentación aportada non quedase suficientemente acreditada a correcta aplicación dos fondos públicos, completárase o expediente coa realización das actuacións omitidas.

CUARTO.- Se con motivo da tramitación dun expediente se constatan irregularidades que puidesen afectar a outras subvencións concedidas á mesma entidade beneficiaria, o

actuário responsable porá de manifesto esta circunstancia e, unha vez emitido o preceptivo informe pola Intervención, mediante resolución da Presidencia poderanse estender as actuacións a todas as subvencións concedidas á mesma entidade sobre as que non se teña producido a prescrición das accións correspondentes.”

20.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS POLO CONCELLO DE CARNOTA EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA SANCIÓNS MUNICIPAIS POR INFRACCIÓNS DA LEI DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Carnota en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

21.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS POLO CONCELLO DE CORCUBIÓN EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA SANCIÓNS MUNICIPAIS POR INFRACCIÓNS DA LEI DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Corcubión en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións por infraccións das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

22.-ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN DE NORMAS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE CORCUBIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Corcubión.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

23.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2010 DE APROBACIÓN POLO PLENO E MODIFICACIÓN DA BASE 49ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2010 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 49.019.382,33€ e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios..... 4.957.704,38
 SC. Suplementos de crédito.....44.061.677,95
 48.229.382,33

Total de aumentos:..... 49.019.382,33

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

B.A. Baixas por anulación..... 790.000,00
 RX Remanente de tesourería para gastos xerais:

Total financiamento:....49.019.382,33

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	5.279.000,00	
2. Gastos correntes	3.000.970,18	90.000,00
3. Gastos financeiros		
4. Transferencias correntes	3.433.111,13	
6. Investimentos reais	11.352.183,84	700.000,00
7. Transferencias de capital	25.954.117,18	
8. Activos financeiros		
9. Pasivos financeiros		
TOTAL MODIFICACIÓN	49.019.382,33	790.000,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamentos investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	48.229.382,33
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓN	48.229.382,33

2º.- Modificación da Base 49ª de execución do Orzamento Provincial.

2º-1 Modificar ás subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	ORZAMENTO SUBVENCIÓNADO	% FINAN.
0305/241A/481	Cámara oficial de comercio, industria e navegación da Coruña (1)	Q1573002A	Programa formación ano 2010	100.000,00	125.000,00	80,00
0305/241A/481	Cámara oficial de comercio, industria e navegación de Ferrol (1)	Q1573003I	Programa formación ano 2010	100.000,00	139.750,00	71,55
0305/241A/481	Cámara oficial de comercio, industria e navegación de Santiago (1)	Q1573004G	Programa formación ano 2010	100.000,00	125.000,00	80,00
0305/334G/462.01	Concello de Camariñas (1)	P1501600I	Mostra do encaixe 2010	120.000,00	149.995,68	80,00
0305/334G/462.01	Concello de Malpica (1)	P1504400A	Olería de Buño 2010	60.000,00	75.000,00	80,00
0305/432A/462.01	Concello A Coruña (1)	P1503000J	Plan competitividade turística	150.000,00	187.500,00	80,00
0305/432A/462.01	Concello Santiago Compostela (1)	P1507900G	Plan competitividade turística	350.000,00	437.500,00	80,00
0601/334A/462.01	Concello de Ferrol (2)	P1503700E	Financiamento do XXIV Premio Internacional de piano "Cidade de Ferrol"	17.000,00	119.949,20	14,17

*(1) Inclúese o orzamento subvencionado e a porcentaxe.

*(2) Modifícase o obxecto da subvención e inclúese o orzamento subvencionado e a porcentaxe.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades locais, para dar cumprimento co disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

24.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA TERCEIRA ANUALIDADE E CUARTA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO DE FERROL-ORTEGAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE TERCEIRA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL:

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO PLENO 18/12/2009	ORZAMENTO ACTUALIZADO	ECONOMIA (C-0)
	PROXECTO			
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	194.652,66 €	272.627,63 €	77.974,97 €
1.1	Rehabilitación da Casa Reitoral no contorno arquitectónico de Sta María da Pedra para creación de albergue (Cariño)	119.409,06 €	119.409,05 €	-0,01 €
1.2	Rehabilitación da ermida de Santo Antonio de Neda	2.934,80 €	2.934,80 €	0,00 €
1.3	Acondicionamento do Atrio de Santa María e do contorno da ermida de Santo Antonio (Neda)	72.308,80 €	72.308,80 €	0,00 €
1.4	Camiños Milenarios de Santo André de Teixido	0,00 €	55.098,14 €	55.098,14 €
1.5	Acondicionamento Castelo de Moeche. Liquidación	0,00 €	6.359,50 €	6.359,50 €
1.6	A Galaxia Imaxinaria.Liquidación	0,00 €	16.517,34 €	16.517,34 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	24.999,72 €	24.999,72 €	0,00 €
2.1	Apoio a Pantfín Classic 2008	24.999,72 €	24.999,72 €	0,00 €
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	159.732,00 €	191.600,00 €	31.868,00 €
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	159.732,00 €	0,00 €	-159.732,00 €
3.2	Centro de Recepción de visitantes en Ortigueira	0,00 €	191.600,00 €	191.600,00 €
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	221.449,32 €	221.449,31 €	-0,01 €
4.1	Remodelación do atrio do Convento do Rosario (San Sadurniño)	175.497,85 €	175.497,85 €	0,00 €
4.2	Restauración da fachada do Convento do Rosario (San Sadurniño)	45.951,47 €	45.951,46 €	-0,01 €
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	174.234,29 €	170.783,34 €	-3.450,95 €
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €
5.2	Material temático de Promoción	45.159,40 €	41.690,40 €	-3.469,00 €
5.3	Promoción PDPT	109.074,89 €	109.092,94 €	18,05 €
6	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €	54.000,00 €	0,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/08-31/03/09)	54.000,00 €	54.000,00 €	0,00 €
7	SINALIZACIÓN TURÍSTICA	106.392,01 €	0,00 €	-106.392,01 €
7.1	Sinalización Turística	106.392,01 €	0,00 €	-106.392,01 €
	TOTAL TERCEIRA ANUALIDADE	935.460,00 €	935.460,00 €	0,00 €

- A actuación “**POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINAXE**”, sofre un aumento na partida de 77.974,97 €, ao introducir 3 novas actuacións (1.4, 1.5 e 1.6) quedando o investimento final en 272.627,63 €
- A actuación “**INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES**”, aumenta a súa dotación en 31.868,00 € ao pasar a actuación na área recreativa do Toxo á 4ª anualidade e incorporar nesta terceira a actuación “Centro de Recepción de Visitantes en Ortigueira”, cun orzamento de **191.600,00€**
- A Actuación “**POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO A RUTA MEDIEVAL (II)**”, **ten unha baixa de 0,01€ por mor dunha certificación de obra.**
- A actuación “**PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN**” sofre unha minoración de 3.450,95€, o que supón un orzamento final de **170.783,34€**.
- A actuación “**SINALIZACIÓN TURÍSTICA**” elimínase na súa totalidade do PDPT.

2.- COMPARATIVA DE IMPORTES E ACTUACIÓNS DE TERCEIRA ANUALIDADE CON RESPECTO AO ANTERIORMENTE APROBADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO PLENO 18/12/2009	ORZAMENTO ACTUALIZADO
	PROXECTO		
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	194.652,66 €	272.627,63 €
1.1	Rehabilitación da Casa Reitoral no contorno arquitectónico de Sta María da Pedra para creación de albergue (Cariño)	119.409,06 €	119.409,05 €
1.2	Rehabilitación da ermida de Santo Antonio de Neda	2.934,80 €	2.934,80 €
1.3	Acondicionamento do Atrio de Santa María e do contorno da ermida de Santo Antonio (Neda)	72.308,80 €	72.308,80 €
1.4	Camiños Milenarios de Santo André de Teixido	0,00 €	55.098,14 €
1.5	Acondicionamento Castelo de Moeche. Liquidación	0,00 €	6.359,50 €
1.6	A Galaxia Imaxinaria.Liquidación	0,00 €	16.517,34 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	24.999,72 €	24.999,72 €
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	24.999,72 €	24.999,72 €
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	159.732,00 €	191.600,00 €
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	159.732,00 €	0,00 €
3.2	Centro de Recepción de visitantes en Ortigueira	0,00 €	191.600,00 €
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	221.449,32 €	221.449,31 €
4.1	Remodelación do atrio do Convento do Rosario (San Sadurniño)	175.497,85 €	175.497,85 €
4.2	Restauración da fachada do Convento do Rosario (San Sadurniño)	45.951,47 €	45.951,46 €
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	174.234,29 €	170.783,34 €
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €	20.000,00 €
5.2	Material temático de Promoción	45.159,40 €	41.690,40 €
5.3	Promoción PDPT	109.074,89 €	109.092,94 €

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO PLENO 18/12/2009	ORZAMENTO ACTUALIZADO
	PROXECTO		
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	194.652,66 €	272.627,63 €
6	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €	54.000,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/08-31/03/09)	54.000,00 €	54.000,00 €
7	SINALIZACIÓN TURÍSTICA	106.392,01 €	0,00 €
7.1	Sinalización Turística	106.392,01 €	0,00 €
	TOTAL TERCEIRA ANUALIDADE	935.460,00 €	935.460,00 €

3.- MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CUARTA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL:

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO PLENO 18/12/09	ORZAMENTO ACTUALIZADO	ECONOMIA (C-0)
	PROXECTO			
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (III)	192.001,44 €	132.001,44 €	-60.000,00 €
1.1	Execución da Ruta de Santo André de Teixido. (Bares-Santo André)	132.001,44 €	132.001,44 €	0,00 €
1.2	Camiños milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)	60.000,00 €	0,00 €	-60.000,00 €
2	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	191.600,00 €	195.893,10 €	4.293,10 €
2.1	Creación dun centro de recepción de Visitantes en Ortigueira (liquidación)	191.600,00 €	19.160,00 €	-172.440,00 €
2.2	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	0,00 €	159.732,00 €	159.732,00 €
2.3	Caseta de Madeira para praia Pantín (Valdoviño)		17.001,10 €	
3	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	113.800,00 €	113.800,00 €	0,00 €
3.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	113.800,00 €	113.800,00 €	0,00 €
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	153.765,56 €	130.888,97 €	-22.876,59 €
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	153.765,56 €	130.888,97 €	-22.876,59 €
5	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	110.000,00 €	85.925,20 €	-24.074,80 €
5.1	Creación de Ruta interpretación patrimonio natural e cultural II (Mugardos)	60.000,00 €	35.925,20 €	-24.074,80 €
5.2	Creación de rutas en Ferrol-Ortegaal apoiadas en novas tecnoloxías (audioguías)	50.000,00 €	50.000,00 €	0,00 €
6	XERENCIA DO PLAN	36.000,00 €	36.000,00 €	0,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/09-31/11/09)	36.000,00 €	36.000,00 €	0,00 €
7	MUPIS INFORMATIVOS (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €	0,00 €
7.1	Mupis informativos (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €	0,00 €
8	RUTAS DOS RÍOS (II)	0,00 €	102.658,29 €	102.658,29 €
8.1	Ruta Ribeira do Bispo-Ambosores	0,00 €	102.658,29 €	102.658,29 €
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	845.167,00 €	845.167,00 €	0,00 €

- A actuación “**POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINAXE**” minora a partida en 60.000,00€ ao eliminar a actuación “Camíños Milenarios”, que pasa a 3ª anualidade.
- A actuación “**INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES**” aumenta a súa partida en 4.293,10€ ao haber cambios nas subactuacións, quedando un importe definitivo de **195.893,10 €**.
- A actuación “**PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN II**”, redúcese en 22.876,59€, sendo o orzamento definitivo **130.888,97€**
- A actuación “**CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS**”, reduce o seu importe por baixas na contratación, cun orzamento final de **85.925,20€**
- A actuación “**XERENCIA DO PLAN**”, sofre unha baixa na súa partida en 18.000,00€, quedando un importe final de 36.000,00€
- Incorpórase unha nova actuación 8.“**RUTAS DOS RÍOS II**” cunha partida total de 102.658,29€.

4.- COMPARATIVA DE IMPORTES E ACTUACIÓNS DE CUARTA ANUALIDADE CON RESPECTO AO ANTERIORMENTE APROBADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO PLENO 18/12/09	ORZAMENTO ACTUALIZADO
	PROXECTO		
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (III)	192.001,44 €	132.001,44 €
1.1	Execución da Ruta de Santo André de Teixido. (Bares-Santo André)	132.001,44 €	132.001,44 €
1.2	Camíños milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)	60.000,00 €	0,00 €
2	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	191.600,00 €	195.893,10 €
2.1	Creación dun centro de recepción de Visitantes en Ortigueira (liquidación)	191.600,00 €	19.160,00 €
2.2	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	0,00 €	159.732,00 €
2.3	Caseta de Madeira para praia Pantín (Valdoviño)	0,00 €	17.001,10 €
3	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	113.800,00 €	113.800,00 €
3.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	113.800,00 €	113.800,00 €
4	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	153.765,56 €	130.888,97 €
4.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	153.765,56 €	130.888,97 €
5	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	110.000,00 €	85.925,20 €
5.1	Creación de Ruta interpretación patrimonio natural e cultural II (Mugarzos)	60.000,00 €	35.925,20 €
5.2	Creación de rutas en Ferrol-Ortegá apoiadas en novas tecnoloxías (audioguías)	50.000,00 €	50.000,00 €
6	XERENCIA DO PLAN	36.000,00 €	36.000,00 €
6.1	Xerencia do Plan (01/04/09-31/03/10)	36.000,00 €	36.000,00 €
7	MUPIS INFORMATIVOS (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €
7.1	Mupis informativos (PIMS)	48.000,00 €	48.000,00 €

8	RUTAS DOS RÍOS (II)	0,00 €	102.658,29 €
8.1	Ruta Ribeira do Bispo-Ambosores		102.658,29 €
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	845.167,00 €	845.167,00 €

Todas as actuacións citadas da terceira e cuarta anualidade son financiadas con cargo á partida 0305/432C/650 Cód. Prox. 2007.3.80010.2.”

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.